

DECRETO

DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, ALCALDESA - PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO.

Vistas as distintas medidas adoptadas no día de onte polo Goberno do Estado con motivo da aprobación do RD 463/2020, de 14 de marzo polo que se declara o estado de alarma para a xestión da crise sanitaria ocasionada polo Covid-19.

De acordo coas atribucións que a esta Alcaldía confire o artigo 124.4.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, RESOLVO:

1º. Decretar os servizos públicos municipais esenciais e imprescindibles ante a situación de excepcionalidade dende o 16 ao 31 de marzo, ambos os dous inclusive, podendo ser prorrogado dito prazo en función da evolución da situación e das medidas que se adopten polo Goberno do Estado e a Xunta de Galicia.

2º. Limitar a prestación dos servizos públicos a aqueles estritamente necesarios para garantir o funcionamento dos servizos públicos básicos ou estratéxicos que, con carácter xeral prestaranse mediante sistemas non presenciais e de acceso remoto a excepción de:

- POLICÍA LOCAL: a totalidade dos postos de traballo salvo os correspondentes ao apoio administrativo e a unidade de sancións.
- BOMBEIROS: a totalidade dos postos de traballo.
- SAF.Servizo Axuda no Fogar
- EQUIPOS ATENCIÓN SOCIAL: xefa de servizo, traballadora social responsable do SAF e un/unha auxiliar administrativo.

O funcionamento será ao 50% do persoal nos centros sociais comunitarios que se designen.

- CEMITERIO: a totalidade dos postos de traballo.
- SERVIZO DE LIMPEZA E RECOLLIDA: o persoal das empresas contratistas e un/unha empregado/a municipal.
- LIMPEZA DE EDIFICIOS: o persoal das empresas contratistas e un/unha empregado/a municipal.
- REXISTRO: 2 traballadores en quendas rotativas de 5 días.
- BRIGADA DE AUGAS: a totalidade dos postos de traballo localizables e con dispoñibilidade segundo necesidades do servizo.
- CONSERXERIA: o persoal imprescindible para a vixilancia dos locais municipais que teñan que manter a súa actividade.

En todo caso, a prestación dos servizos públicos realizarase nos termos do decreto 1805/2020, do 13/3/2020 e a supervisión dos procedementos de execución

ACTAS E GOBERNO

MGF/cvr

Refª: ispac1865232467938893522.doc

Asunto: NOVO PAQUETE DE MEDIDAS COVID 19

dos servizos non presenciais recaen na tenenta de alcaldesa delegada da Área de Gobernanza.

Sen prexuízo do disposto anteriormente, os/as empregados/as públicos municipais quedarán a disposición das necesidades que podan xurdir no servizo respectivo, debendo asistir ao seu traballo cando así se lle requira.

Habílitate un Comité Permanente de Avaliación e Xestión formado por: Dona Paula Alvarellos Fondo, Don Rubén Arroxo Fernández, Don Álvaro Santos Ramos, Dona Olga López Racamonde e Dona Cristina López Fernández, baixo a dirección da Sra. Alcaldesa Dona Lara Méndez López.

3º Suspende a celebración do pleno ordinario do mes de marzo, as Xuntas de Goberno Local, as comisións informativas e resto de órganos colexiados ata o 31 de marzo.

4º. Dar traslado aos Concelleiros/as, Organizacións Sindicais, Comité de Seguridade e Saúde, Xefes/as ou responsables de Servizo, Sección ou unidade administrativa e á totalidade dos empregados/as públicos municipais.